

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN BIOGA - CLÚSTER TECNOLÓXICO EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE ACTIVIDADES PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE, A INNOVACIÓN E O POTENCIAL DA BIOTECNOLOXÍA COMO TECNOLOXÍA FACILITADORA ESENCIAL DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO NO PERÍODO 2017-2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Asociación BIOGA – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización e execución de actuacións que impulsen o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego como Tecnoloxía Facilitadora Esencial, e o apoio aos diversos sectores produtivos de Galicia, favorecendo para elo o impulso do desenvolvemento do negocio do sector e a innovación nas empresas biotecnolóxicas.

As actividades obxecto do mesmo son:

- Programa de Bioalmorzos.
- Necesidades Compartidas e Compra Masiva.
- Accións de BioSpeed Dating.
- Premios Bioga.
- Actividades de difusión e comunicación



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que BIOGA, constituído ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito da comunidade autónoma de Galicia, dotada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente sobre asociacións. Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, BIOGA ten entre os seus fins: aproveitar as oportunidades da innovación que presenta o sector das Ciencias da Vida como vector de crecemento económico e social, colaborar coa administración autonómica galega, co resto de administración autonómica, coa administración xeral do estado e coa administración europea, para o desenvolvemento dun marco legal e institucional de fomento da innovación no sector, apoiar o emprendemento e consolidación das empresas no sector das Ciencias da Vida, apoiar a expansión internacional das empresas no sector das Ciencias da Vida, configurarse como clúster empresarial na comunidade autónoma de Galicia, promover a análise e a prospectiva permanente do sector e as súas tendencias a nivel español e internacional, así como a divulgación dos avances científicos e tecnolóxicos das Ciencias da Vida e os beneficios que aporta á sociedade, organizar actividades formativas orientadas ao sector das Ciencias da Vida, realizar proxectos e actuacións de Investigación e Desenvolvemento para o sector das Ciencias da Vida, acadar financiamento e canalizar axudas para os asociados para o desenvolvemento de proxectos no ámbito das Ciencias da Vida.
2. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da



súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. A RIS3 Galicia supón unha aposta sen precedentes polo sector da biotecnoloxía, que xoga un papel moi destacado e esencial no desenvolvemento de sectores estratéxicos para a comunidade como o agro-mar-alimentario e a saúde.

3. Que a Estratexia Galega de Impulso á Biotecnoloxía 2016-2020, liderada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa implicación transversal de catro consellerías máis: Consellería de Sanidade, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Mar e do Medio Rural e a participación de máis de 50 axentes entre empresas, organismos e centros de investigación e universidades, ten como obxectivo crear 30 novas empresas biotecnolóxicas en Galicia nos próximos cinco anos, un 15% máis das cerca de 220 que temos actualmente; sumar, entre todas elas, unha facturación de 300 millóns de euros, un 20% máis que na actualidade; e xerar 300 novos empregos cualificados no sector, un 25% máis que os actuais. Ademais define unha serie de subsectores prioritarios: o aproveitamento dos recursos mariños e pesqueiros, a alimentación funcional e o envellecemento activo, os novos produtos e procesos para o sector lácteo, as novas tecnoloxías para o medicamento personalizado, a eficiencia na sanidade animal e derivados e a open innovation para o descubrimento de fármacos, aos que se aúna como subsector transversal o das tecnoloxías



facilitadoras: tics e bioinformática, química biolóxica, xenética, bioenxeñería e tecnoloxías ambientais.

4. Que co desenvolvemento da Axenda da Competitividade Industrial Galicia Industria 4.0, a Xunta de Galicia aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. Esta axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo tanto de reforzar sectores estratéxicos da economía galega –agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil-, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC.

Os clústers empresariais constitúen unha parte fundamental de dita axenda que aposta polo equilibrio entre o reforzo dos sectores tradicionais e o impulso dos emerxentes, ademais da hibridación multisectorial, que supón a interconexión de sectores distintos na procura de aproveitar as sinerxías entre eles para mellorar a súa competitividade no mercado global.

5. Con data 16 de outubro de 2015 a Axencia Galega de Innovación asinou un convenio de colaboración coa Asociación BIOGA, e en vista dos resultados acadados desexa continuar con este apoio durante o ano 2017.
6. As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 93.000,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 50% con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2017 e 2018.
7. Que as axudas obxecto do presente convenio están dirixidas ao desenvolvemento de actividades de I+D+i de carácter non económico por parte dunha agrupación empresarial innovadora sen ánimo de lucro e a disposición de todas as empresas do sector biotecnolóxico dun xeito indiscriminado sen que poña beneficio



económico para BIOGA, e cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco Comunitario sobre Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (DOUE C 198, de 27.06.2014).

8. Que BIOGA ten establecido un Plan de Acción para os anos 2017 e 2018 dirixido a impulsar o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego como Tecnoloxía Facilitadora Esencial para o apoio aos diversos sectores produtivos de Galicia, o impulso do desenvolvemento do negocio e da innovación nas empresas biotecnolóxicas, en liña cos obxectivos e actuacións da Estratexia de Impulso á Biotecnoloxía implementada en Galicia.
9. Que GAIN, dentro das súas competencias, está interesada en colaborar e apoiar economicamente a BIOGA para impulsar a competitividade, a innovación e o potencial da biotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora esencial do tecido empresarial.
10. Que tendo en conta as características de BIOGA, na súa condición de entidade integradora dos intereses do sector biotecnolóxico de Galicia, a subscrición do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos do sector e de interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2017.

